

ESTREA EN NUMAX: 04.05.2018 | V.O.S.E. | +12

Lucky (2017, 88')

Dirección: John Carrol Lynch

Guión: Logan Sparks, Drago Sumonja

Elenco: Harry Dean Stanton, Ed Begley Jr., Beth Grant, James Darren, Barry Shabaka Henley, Yvonne Huff, David Lynch, Hugo Armstrong, Bertila Damas

Son: Alex Altman, Michael Baird

Montaxe: Robert Gajic

Vestuario: Lisa Norcia

Dirección de arte: Elana Farley

Música: Elvis Kuehn

Fotografía: Tim Suhrstedt

Produtoras: Superlative Films, Divide, Conquer, Lagralane Group (EEUU)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Locarno 2017 (Competición internacional), Gotham 2017 (Nomeado a mellor actor —Harry Dean Stanton—), Satellite Awards (Mellor actor —Harry Dean Stanton— e ópera prima), Xixón 2017 (Mellor actor —Harry Dean Stanton—)

SINOPSE

A viaxe espiritual dun home de noventa anos. Cunha saúde de ferro, Lucky sobreviviu máis que os seus contemporáneos, o que o anima a reformular a súa vida e buscar unha revelación. O último traballo de Harry Dean Stanton (célebre polos seus papeis en *París, Texas*, *Alien* ou *Twin Peaks*) é unha tenra fábula existencialista. Na barra dun bar e con Johnny Cash soando de fondo, reencóntrase con algúns dos colegas que marcaron a súa vida (a do personaxe do filme e a do propio actor). Entre eles destaca David Lynch nun dos papeis principais.

«Sutilmente o filme deixa de ser un estudo de personaxe cómico e convértese nunha delicada reflexión sobre a soidade e a mortalidade»

Jeannette Catsoulis, THE NEW YORK TIMES



“Se Harry Dean se tivese negado a participar o filme non tería continuado”

Entrevista con John Carrol Lynch
Por Christina Radish

Cando tomaches a decisión de que querías ser director e comezaches a preparar a túa opera prima, podías imaxinar que sería con Harry Dean Stanton? Baixo ningunha circunstancia podía nin tan sequera imaxinalo. Cando decidín que quería dirixir pensaba en camiños máis tradicionais, en comezar a aprender na televisión, como moitos actores amigos meus fixeron, e agardar a que xurdise unha oportunidade. Comecei a traballar co meu compañeiro na escrita dun guión cando unha idea agroumou da maneira máis inesperada. Un rapaz chamado Drago Sumonja, que coñecín actuando en *The Good Girl* (Miguel Arteta, 2002) pedíume que lera un guión para unha curtametraxe que se ía chamar *Details*, isto foi hai 16 anos. Quen me ía dicir que, 14 anos máis tarde, me ía pedir que dirixise o seu guión!

Semella que en *Lucky*, se non rematases por dirixila, sería doado verte actuando nela, como un personaxe máis. Así é como me

aproximeei un inicio ao proxecto. Logan Sparks e Drago preguntáronme se me gustaría encarnar a Joe, o personaxe que Shabaka Henley interpreta no filme, e finalmente suxeríronme que dirixise o filme.

Como convenciches a David Lynch para que participase? Non é alguén que adoite aceptar papeis como actor.

Estabamos a buscar a alguén para o seu papel. Nun momento preguntámoslle a Harry se Lynch estaría interesado e el respondeu: «Veña, pregúntalle». Michael, o seu axudante, foínos de moita axuda nese sentido. Deixounos dous días no medio da postprodución de *Twin Peaks*, en xullo de 2016. Foi de moita axuda que tivese lugar ao remate da gravación da serie e non ao comezo. David achegouse ao filme como un actor, con moito respecto. Se tiña outras ideas sobre o que eu debía facer gardounas para si. Viu tan preparado para o traballo como actor que foi moi doado traballar con el.

De que maneira che axudou como director todos os estes anos como actor, e que cousas non sabías e descubraches agora na realización?

Tiña confianza na miña capacidade para falar aos actores sobre como debían facer. Pensaba que o podía facer ben e que podía ser bo director de actores. Tamén tiña confianza en ser quen de aprender o necesario para levar o texto do guión á pantalla, e todo isto finalmente podemos dicir que se cumpriu. Hai elementos concretos que non metín no filme, en parte porque non estaban ben gravados,

mais tiñan problemas a maiores. Ao remate considerei que non eran necesarios para contar a historia.

Como foi ter a alguén como Harry Dean no centro desta historia?

Se Harry Dean se tivese negado a participar o filme non tería continuado. Non creo que nos puxeramos a buscar outra persoa para o papel, estaba completamente pensado para el. Dito isto, todo se xoga no día a día do traballo co actor e o personaxe, mesmo se é tan inspirado como Harry pode modificarse pola súa vida persoal, ideoloxía ou hábitos cotiás. Ambos, el e máis eu, tiñamos a responsabilidade de construír a *Lucky*, non a Harry, e coído que o conseguimos.

Vendo o filme sentimos como se chegásemos a coñecer a *Lucky* dunha maneira que se sae do habitual na relación cos personaxes dun filme. Foi algo intencionado?

Esas era exactamente a intención. Queríamos trasladar ao espectador a sensación de que está nun cuarto canda el e vive na súa mesma cidade. En certo xeito, todos o facemos. Ás veces penso nese pobo como o pobo da mortalidade. Se tivese un nome sería *Mortalidade*, e el está xusto no seu límite. Así é como formulei a cuestión, pensei moito no filme, obviamente, co cal probablemente moitos dos meus pensamentos non teñan sentido a ninguén máis cá min.

Publicado en <http://collider.com/>
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

***Twin Peaks Tempada 3*, David Lynch**
Sony [BluRay / DVD]
***Paris, Texas*, Wim Wenders**
A Contracorrientefilms [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Jean-Pierre Léaud
Pauline Étienne

O león dorme esta noite

UN FILME DE NOBUHIRO SUWA
co protagonista d' *O 400 golpes*

«Un conto fantástico totalmente inesperado»
Jean-François Rauger — LE MONDE

«Jean-Pierre Léaud emociona dende o primeiro momento»
Daniel de Parazarroyo — CINEMANIA

«O mellor filme do Festival de San Sebastián»
CAIMÁN CUADERNOS DE CINE

Estrea en cines 27 DE ABRIL

distribucion.numax.org/leon

COOPERACIÓN: Nobuhiro Suwa (COORDINADOR) Jean-Pierre Léaud, Pauline Étienne, Maud Wyler, Arthur Harari, Isabelle Weingarten, Noé Sempy, Jean-Louis Berard, Françoise Michaud, Louis-Do de Lencquesaing, Jules Langlade (COORDINADOR) Nobuhiro Suwa, DIRECTORES DE FICHAJE EN MINEUR (E) (E) Pierre Léaud (COORDINADOR) Tom Harari (E) Florent Klockenbring, Emmanuel Crosset (COORDINADOR) Thomas Gréaud (COORDINADOR) Inés De La Bevière (COORDINADOR) Martial Salomoni (COORDINADOR) Olivier Margerit (COORDINADOR) Michiko Yoshitake, Jérôme Dopfler (COORDINADOR) Yuji Sadai (COORDINADOR) Centre National de la Cinématographie et de l'Image Animée (COORDINADOR) Région Provence-Alpes-Côte d'Azur, (COORDINADOR) Département des Alpes-Maritimes (COORDINADOR) CNC (COORDINADOR) Agency for Cultural Affairs do Goberno de Xapón (COORDINADOR) FILM-IN-EVOLUTION, Les Productions Balhazar, Bitters End (COORDINADOR) NUMAX Distribución